



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: 23decreto089.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 20- 11-2023

DECRETO

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En cumprimento do establecido no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 48 e 49 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, e en virtude das atribucións que me confire o artigo 124. 4. d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **CONVOCO** sesión **EXTRAORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar no salón de sesións da Casa do Concello (praza Maior, 1) o **luns, día 20 de novembro, ás 10,00 horas**, para tratar, como único punto da orde do día, o seguinte: **1/135 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 254 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ASUNCIÓN DE COMPROMISOS DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS, COMPENSACIÓN DE PREXUÍZOS E COORDINACIÓN DAS OBRAS EN EXECUCIÓN RELACIONADAS COA INICIATIVA CHAMADA “CORAZÓN VERDE ENTRE MURALLAS”, ASÍ COMO DE INFORMACIÓN PÚBLICA E SUFICIENTE Á CIDADANÍA DE ASUNTOS RELACIONADOS COAS MESMAS E DE AFECCIÓN E INTERESE PARA OS CIDADÁS.**

Todo iso de conformidade coa solicitude de Pleno extraordinario formulada pola cuarta parte dos membros da Corporación, con data do 7 de novembro de 2023, número Rexistro de Entrada 253, do teor literal seguinte: *“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do regulamento orgánico do pleno do Concello de Lugo, no seu artigo 49, solicita a convocatoria dun pleno extraordinario para tratar o estado actual das obras de peonalización do casco histórico así como das medidas a tomar para minimizar as consecuencias que están a ter na veciñanza e no comercio”.*

No caso de non poder asistir deberá acreditarse con antelación suficiente ante esta Alcaldía. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 46.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Notifíquese de forma axustada á legalidade.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola alcaldesa presidenta, dona Lara Méndez López



FIRMADO por: LARA MENDEZ LOPEZ (NIF: 77594722J)
Versión imprimible con información de firma generado desde VALiDe (http://valide.reidsara.es)
Firma válida.